



CRITERIOS DE SELECCIÓN ALUMNADO NO TRANSPORTE ESCOLAR

Segundo a Instrución 6/2017 da secretaría xeral técnica da consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, do 30 de maio, sobre a xestión do servizo de transporte escolar **“só teñen dereito a praza de autobús aqueles rapaces que vivan a 2 kms o máis do instituto”**. Así serán **usuarios lexítimos** deste transporte o alumnado que cumpra esta condición.

As restantes prazas de cada ruta poderán ser ocupadas polo **alumnado sen dereito lexítimo, mais son condicionada** pois o alumnado que as ocupa pode perdelas se ao longo do curso chegaran ao centro **novos alumnos con dereito lexítimo ao transporte**.

Dadas as numerosas solicitudes o **Consello Escolar aprobou en sesión ordinaria do 29 de maio do 2024 os criterios para a selección do alumnado non lexítimo**, autorizados pola Inspección de Transporte. As prazas vacantes cubriranse polo alumnado do ensino secundario obrigatorio, segundo a prioridade seguinte:

1. **Alumnado con discapacidade** recoñecida.
2. **Alumnado co enderezo familiar na Zona de Prioridade 1 (área de influencia), a máis de 1,5km do IES de Rodeira.** Dentro deste criterio, ordenarase o alumnado:
 - a. **Alumnado de menor nivel educativo**
 - b. **Ante igualdade de condicións**, ordenado o alumnado de forma alfabética polo primeiro apelido, comezando polo apelido que corresponda á **letra T**.
3. **Alumnado co enderezo familiar na Zona de Prioridade 1 (área de influencia), a 1,5km ou menos do IES de Rodeira.** Dentro deste criterio, ordenarase o alumnado:
 - a. **Alumnado de menor nivel educativo**
 - b. **Ante igualdade de condicións**, ordenado o alumnado de forma alfabética polo primeiro apelido, comezando polo apelido que corresponda á **letra T**.
4. **Alumnado co enderezo familiar na Zona de Prioridade 2 (área limítrofe da área de influencia), a máis de 1,5km do IES de Rodeira.** Dentro deste criterio, ordenarase o alumnado:
 - a. **Alumnado de menor nivel educativo**
 - b. **Ante igualdade de condicións**, ordenado o alumnado de forma alfabética polo primeiro apelido, comezando polo apelido que corresponda á **letra T**.
5. **Alumnado co enderezo familiar na Zona de Prioridade 2 (área limítrofe da área de influencia), a 1,5km ou menos do IES de Rodeira.** Dentro deste criterio, ordenarase o alumnado:
 - a. **Alumnado de menor nivel educativo**
 - b. **Ante igualdade de condicións**, ordenado o alumnado de forma alfabética polo primeiro apelido, comezando polo apelido que corresponda á **letra T**.





Finalizada a asignación ao alumnado da E.S.O, procederáse do mesmo xeito co alumando da formación profesional básica, se houber prazas co de bacharelato e, finalmente, co de ciclos formativos.

Observacións:

1. Á primeira queixa do **comportamento** dun alumno que se reciba en Vicedirección por parte do conductor, que é o responsable durante a ruta, dito alumno será expulsado do autobús 3 días. Se reitera, quedará sen a plaza, que pasará inmediatamente ao seguinte da lista.
2. O **alumnado que se matricule unha vez realizada a asignación de prazas**, e que non for usuario lexítimo, **non terá dereito ao transporte escolar no resto do ano académico**, mentres non haxa prazas dispoñíbeis.





ANEXO. MAPA DA ÁREA DE INFLUENCIA DO IES DE RODEIRA

A área de influencia do IES de Rodeira corresponde ás áreas de influencia do CEIP Castrillón-Coiro e o CEIP A Rúa, representados coa liña amarela e vermella, respectivamente. Para efectos da asignación do transporte escolar estrutúranse dúas zonas de prioridade:

- **Zona Prioridade 1** do transporte: área de influencia o IES de Rodeira.
- **Zona Prioridade 2** do transporte: áreas de influencia limítrofes (IES Monte Carrasco e IES María Soliño).

